

1. Poden tomar parte no concurso os alumnos de Educación Infantil, Primaria, Especial, Secundaria, Bacharelato, COU ou formación Profesional de calquera centro escolar de Galicia.
2. A participación será por equipos, baixo a dirección de un ou varios profesores ou educadores. O equipo ostentará a representación do centro ó que pertence. Dadas as características do concurso, hase considerar fundamental a colaboración de toda a comunidade escolar, mesmo cando a realización concreta do proxecto recaia sobre un equipo de profesores e se centre nun nivel determinado ou nun grupo de alumnos. A relación mínima profesores-alumnos será de 1 / 10.
3. Cada equipo participante implicarase no deseño, execución e seguimento dun proxecto bioambiental que deberá desenvolverse no centro educativo ou no municipio onde está ubicado.

Proxecto de actuación

4. A solicitude de participación realizarase utilizando o formulario "Proxecto de actuación". Nel facilitaranse os datos relativos ó centro escolar, nome do director, responsable do proxecto e lista de colaboradores, plan detallado de acción, calendario de actividades, relación de necesidades materiais, orzamento de actuación e permisos correspondentes.
O devandito formulario deberá remitirse ó enderezo de "Voz Natura", fundación Fernández Latorre, Avda. da Prensa, 84-85, Polígono Industrial de Sabón, 15143, Arteixo, A CORUÑA, antes do próximo 31 de marzo.

Aprobación de proxectos

5. Un Comité Científico –integrado por destacados persoeiros do mundo da ciencia, a educación e a comunicación– seleccionará os proxectos en función da orixinalidade dos mesmos, o seu interese, participación da comunidade educativa e viabilidade. Examinará cada un e poderá formular cantas observacións considere oportunas, que deberán ser incorporadas ó proxecto definitivo. Teranse en conta os informes do claustro de profesores e do consello escolar do centro.
6. O Comité Científico calificará os proxectos de 0 a 10 puntos, de acordo co seu nivel técnico científico e a súa cuantificación económica. Por cada punto otorgado, Voz Natura financiará un 10% do traballo que se pretende realizar. Valoraranse especialmente aquelas propostas de acción directa sobre o medio, como recuperación de zonas degradadas, limpeza de ríos, plantacións de árbores, eliminación de vertedoiros incontrolados, rehabilitación de fontes, prevención de incendios forestais, etc.
7. Antes do 31 de maio, Voz Natura fará públicos en La Voz de Galicia os proxectos aprobados e porase en contacto cos equipos seleccionados para lles comunica-la calificación do Comité Científico e mailo financiamento concedido polo Grupo Voz, así como para lles solicita-la relación definitiva e completa do material necesario para a realización dos proxectos.
8. Co fin de garanti-la realización dos proxectos, a dirección de cada centro asumirá, en última instancia, a súa total execución.

Desenvolvemento de actividades

9. O desenvolvemento dos proxectos comezará co inicio do curso escolar 2001-2002. A efectos de valoración final do concurso, os centros deberán remitir a Voz Natura a memoria do proxecto realizado antes do 30 de abril de 2002.
10. Un comité de seguimento avaliará a actuación de cada equipo a informará o Comité Científico sobre a desenvolvemento dos traballos e os resultados obtidos. Estes informes hanse ter en conta á hora de proceder a distribución dos premios cos que está dotado o concurso e dos que se informará oportunamente.
11. O proxecto aprobado de forma definitiva non poderá ser modificado parcial nin totalmente sen a correspondente autorización da dirección de Voz Natura.
12. Tódolos equipos e centros representados no concurso han recibir un certificado de participación. Aqueles centros que, ó xuízo do Comité Científico, desenvolvesen os proxectos de maior interese, recibirán uns premios que serán entregados nun acto público.

Disposición final

13. A participación no concurso Voz Natura supón a aceptación total das súas bases. As decisións o Comité Científico e o fallo do xurado cualificador dos traballos son inapelables.